

Aproximación á historia da literatura sarda

Giorgia Sodaro

RESUMO A autora realiza un percorrido diacrónico pola historia da literatura sarda dende as súas orixes até a actualidade. Comeza cunha introdución aclaratoria da definición e das múltiples dificultades do obxecto de estudo: insularidade, forte dialectalismo e multilingüismo, entre outras. Parte da descrición dos primeiros textos escritos en vulgar na Sardeña (escasamente literarios) e continúa co tratamento da produción literaria a partir do século XV até a actualidade, facendo agrupamentos xenéricos para as tres últimas centurias. Do século XX destaca especialmente a prosa de Grazia Deledda e Antonio Gramsci, así como a poesía de Antioco Casula. Finalmente, compila unha abondosa bibliografía das obras en sardo, dos títulos en italiano e xeral.

ABSTRACT The author provides an overview of Sardinian literature from its earliest manifestations to the present day. She begins by outlining the problems involved in defining and classifying the corpus: insularity, dialects, and multilingualism, among others. She then describes the earliest written texts in the vernacular in Sardinia, which could not properly be called 'literary' and goes on to deal with literary production proper from the 15th century to the present day, classifying those works published during the last three centuries by genre. She highlights the prose of Grazia Deledda and Antonio Gramsci and the poetry of Antioco Casula in the 20th century. The article is completed with a copious bibliography of works in Sardinian, Italian and other languages.

83

Introdución

Non é posíbel poñer os límites dunha historia da literatura sarda. A illa foi dominada por diferentes países que foron imponendo as súas linguas e o uso do sardo na expresión literaria non foi sempre constante. De feito, a maioría das fontes para o estudo da literatura sarda inclúen obras en sardo, catalán, castelán, latín e italiano. Dunha banda, dificilmente Sardeña, pola súa posición xeográfica, pola súa particular historia, que a levou a vivir en contacto con

culturas distintas, e pola súa lingua, que non coincide coa lingua oficial do estado italiano, pode ser incluída nunha historia da literatura italiana. Doutra banda, a literatura italiana non inclúe no seu patrimonio literario (canon literario) as obras producidas por autores sardos en lingua italiana. O caso de Grazia Deledda, premio Nobel de literatura no 1926, é representativo. A maioría dos historiadores literarios italianos dedícanlle a Grazia Deledda, literata dunha certa importancia, poucas liñas das súas historias literarias. Non resulta difícil imaxinar o tratamento que reciben de parte do sistema literario italiano os autores sardos. En síntese, a literatura sarda en italiano non é senón cousa da Sardeña. Por iso considerarei como textos propios do sistema literario sardo aqueles producidos por autores nados na Sardeña, prestando unha atención maior a aqueles autores que escribiron en sardo.

84

Hai que facer unha derradeira consideración. Nesta modesta síntese da historia da literatura sarda faise referencia ás variantes dialectais da lingua sarda. Para que sexa posíbel entender de que estamos falando cómpre facer algunhas distincións lingüísticas. O sardo é unha lingua dunha área románica na que os lingüistas diferencian catro principais variantes dialectais: *logudorese*, *campidanese*, *gallurese* e *sassarese*. O *campidanese*, que se presenta como a variante máis unitaria e a que maior número de falantes posúe, fálase na zona sur da illa, mentres que o *logudorese* se fala no norte e considérase o sardo ilustre debido a que na tradición literaria sarda foi utilizado por grandes poetas. O *logudorese* desintégrase en tres variedades: *logudorese* central ou dialecto de Bitti, considerado polos lingüistas como o sardo por excelencia, sendo o que menos evolucionou desde o sardo antigo; *logudorese* común, e *logudorese* setentrional. A área do *logudorese* e a área do *campidanese* atópanse divididas por unha fronteira aproximativa que pasa polas localidades de Cabras, Samugheo, Desulo, Urzulei e Baunei. O *gallurese* e o *sassarese* fálanse no extremo norte da illa, na parte norte da zona do *logudorese*, e considéranse dialectos non propiamente sardos, principalmente porque se diferencian profundamente da lingua nai, o *logudorese*, debido ao influxo dialectal de Xénova e Pisa.

As orixes da lingua sarda: textos en vulgar

Na época en que se veñen formando as linguas e as culturas románicas, Sardeña é unha rexión independente, dividida en catro organismos, os vulgados, que controlan a súa administración. Na metade do século XI as cidades

de Xénova e Pisa colaboran coa illa para frear a invasión árabe. Desde ese momento a illa vai perdendo paseniñamente a súa independencia, comeza as relacións comerciais coas dúas cidades peninsulares e, en consecuencia, coa lingua desas: o italiano.

Os primeiros textos escritos en vulgar sardo maniféstanse entre finais do século XI e principios do século seguinte. De feito, maniféstanse antes que os primeiros textos en vulgar italiano. Trátase de textos que proveñen dos documentos dos catro Xulgados: Torres, Gallura, Arborea e Cagliari. O documento máis antigo é *La donazione di Torchitorio*, escrito en sardo con grafía grega. Trata da doazón feita polo xuíz Costantino Salusio (1089-1103) ao mosteiro de San Saturno. O segundo texto máis antigo en sardo é *La carta arborense*, que provén precisamente do Xulgado de Arborea e que trata tamén dunha doazón.

Os testemuños do emprego do vulgar sardo como código de expresión escrita son numerosos. *I condaghi*, libros patrimoniais redactados en lingua sarda nos que se transcribían actos de doazóns en favor das comunidades relixiosas, testemuñan que o vulgar sardo escrito se empregaba sobre todo con finalidades prácticas. De feito, non temos ningún testemuño da existencia dunha literatura medieval escrita en lingua sarda, agás o *Libellus iudicum turritanorum*, unha crónica da segunda metade do século XIII, de inspiración máis política ca literaria. A importancia lingüística deste texto é considerábel, pois representa unha evolución da sintaxe oral presente nos *Condaghi*.

85

Sobre a ausencia de textos no Medievo en Sardeña dixo Paolo Maninchedda:

Alla domanda, che sorge spontanea, circa il perché dell'assenza di testi, si può rispondere o semplicemente perché non ne sono mai stati scritti, [...] oppure si deve ricordare la triste regola che ogni vincitore impone ai vinti: la perdita dei beni e della memoria, che comporta la marginalizzazione e la folklorizzazione di tutto ciò che prima era ufficiale.¹

¹ Paolo Maninchedda, art. cit., p. 178.

O século XV

O 30 de xuño do ano 1409, no combate de San Luri, Sardeña perde a súa independencia e cae derrotada a mans do exército siciliano-catalán-aragonés, guiado por Martino, rei de Sicilia. O último Xulgado sardo, o Xulgado de Arbórea pasa a ser feudo aragonés. A ocupación catalano-aragonesa esténdese no tempo ata o 1479, xusto cando comeza o dominio español, que persistirá ata o 1714. Rematada a guerra, os aragoneses reforman a illa desde o punto de vista administrativo e xurisdiccional; O Regnum Sardiniae é dividido en dúas zonas, con capitais en Cagliari e Sassari. É xusto nesta situación de dominios cando se impón na illa o uso de diferentes linguas. Estes acontecementos son de feito as bases históricas do plurilingüismo sardo.

Os dous primeiros textos sardos que podemos considerar literarios aparecen despois da guerra de Arbórea (1355-1410). Son da zona de Sassari, e ámbolos dous pertencen ao ámbito relixioso. O primeiro deles trátase dun *laudarium* bilingüe que contén textos en sardo e textos en italiano, o cal dá testemuño do dinamismo lingüístico da illa, un dos feitos máis peculiares e constantes da historia da literatura sarda. O outro é un texto de Antonio Cano, escrito completamente en sardo: *Sa vita et sa morte et passione de sanctu Gavinu, Proto e Januario*. Este texto, datábel na metade do século XIV, é a obra literaria coñecida máis antiga en vulgar sardo. É un poema de argumento haxiográfico. O seu valor poético é mediocre, pero é moi interesante porque representa un testemuño do esforzo do autor por elevar o sardo a lingua de dignidade literaria.

Os textos literarios que se producen no século XV en catalán teñen a mesma sorte cós textos en sardo, e de feito só se conservan os tres seguintes: o *Cant de la Sibilla*, a *Vida e miracle de benaventurat sant'Anthiogo* e as *Cobles de la conquista dels francesos*.

O século XVI

O século XV remata cun acontecemento moi significativo: a introdución da imprenta. Máis tarde, no 1566, Nicolò Canelles institúe a primeira tipografía da Sardeña. Os libros que se producen son sobre todo de argumento relixioso, aínda que non falten as edicións de autores clásicos e de obras estranxeiras.

A situación lingüística da Sardeña no século XVI é peculiar. En Cagliari, o catalán, que é a lingua das actividades xurídicas e da administración, esténdese polos barrios populares onde se fala tamén sardo. O castelán comeza a difundirse, mentres que para o italiano fica unha posición marxinal. En Sassari a situación é diferente: as clases altas utilizan aínda o sardo *logudorese* xunto co catalán. A presenza do italiano é maior, e o castelán vaise introducindo a pesar dos contrastes. Neste século, cando aínda a hexemonía do castelán non é total, prodúcense obras históricas en latín, en castelán, en italiano e en sardo. Antonio Lo Frasso de Alghero escribe en castelán, catalán e sardo. Unha das figuras fundamentais do século XVI sardo è Sigismondo Arquer, quen escribe unha obra histórica sobre a Sardeña en latín: *Sardiniae brevis historia et descriptio*. Continúa a tentativa de conferir ao sardo dignidade literaria, e utilízase por primeira vez na poesía encomiástica e laudatoria. Sería un erro de todos os xeitos pensar que os autores eran motivados a escribir en sardo na tentativa de evidenciar a propia identidade.

Essi non scrivono di Sardegna o in sardo per inserirsi in un sistema isolano, ma per iscrivere la Sardegna e la súa lingua – e con esse, se stessi - in un sistema europeo².

87

Gerolamo Araolla reelabora a obra de Antonio Cano e enriquece de termos casteláns e italianos. É o primeiro en recoñecer a necesidade de establecer un estándar na lingua literaria sarda. Na súa obra *Sa vida su martiriu et morte dessor gloriosos mártires Gavinu, Brothu et Gianuariu* de 1582, intenta elaborar unhas estruturas sintácticas máis complexas. En *Rimas diversas spirituales*, obra de 1597, compón poemas en sardo, en italiano e en castelán, as linguas coas que se expresa o seu mundo, utilizándoas xuntas ás veces tamén nun mesmo poema. A súa tentativa de promover o sardo verifícase en tempos adversos, posto que a política de Felipe II favorece o emprego do castelán. A manifestación da vontade de contrastar esta política vese na obra de Pietro Delitala, quen escribe en italiano asumindo a influencia do poeta italiano do XVI Torquato Tasso.

² *Ibidem*, p. 180.

O século XVII

No século XVII o acontecemento cultural máis relevante é a institución da Universidade: en Cagliari en 1626 e en Sassari en 1634. A illa recibe neste século unha nova hispanización e o castelán comeza a ser utilizado na vida pública pola clase dirixente. Os impostos soben para financiar a política militar española e entre as pestilencias e as carestías a poboación da Sardeña redúcese notabelmente. É nesta situación trágica que xorde nos sardos a necesidade de coñecer a súa historia. As obras históricas que se producen escríbense en castelán por autores como: Angelo De Vico, Jorge Aleo, Antonio Canales de Vega e Salvatore Vidal. Ocupa unha posición única neste contexto a obra de Salvatore Vidal *Urania sulcitana*, na cal o autor defende e exalta a lingua sarda. En relación á cantidade de autores que escriben en castelán, Guido Mura sostén:

Gli intellettuali sardi, indipendentemente dalla loro origine etnica, trovandosi ad operare entro l'orizzonte culturale della grande nazione spagnola, adottano lo spagnolo come lingua primaria di cultura, partecipando coscientemente al rigoglio culturale del mondo iberico dell'età barocca³.

88

Trátase de obras poéticas escritas por Juan Francisco Carmona, Antioco del Arca, Antonio María de Esterzili, Jacinto Arnal de Bolea. Entre tantas obras en castelán destaca a obra de Gian Matteo Garipa. Na Introducción a *Legendariu de santas virgines et mártires* de 1627, Garipa explica ter “voltadas in sardu” as vidas das santas para que o pobo as poida entender, porque a lingua sarda é boa lingua, filla do latín. Garipa é consciente do carácter nacional da lingua e da importancia de partir do sardo para o ensino do latín. Na súa obra podemos admirar un singular dominio da lingua sarda.

O século XVIII

Cando termina a guerra de sucesión española, despois da breve ocupación austríaca, Sardeña vén asignada co tratado de Londres (1720) aos duques de

³ E. Pilia, *La letteratura narrativa in Sardegna. Il romanzo e la novella*, Cagliari: Il Nuraghe, 1926, p. 23.

Savoia. Os novos soberanos esperaban poder efectuar unha rápida introdución da lingua italiana. Esta última imposición lingüística causoulle un trauma histórico e cultural aos sardos, posto que pasaban dunha lingua non propia a outra. Os sardos coñecían xa o italiano desde os tempos de relación comercial con Pisa e Xénova, pero non o asumiron con tanta rapidez, e o español seguiu vivindo aínda durante moito tempo. Os Savoia, ao ver que os progresos eran lentos e duros, concedéronlle máis espazo á lingua sarda para favorecer a exclusión do castelán. O século XVIII empeza, de feito, coa obra de Vicente Bacallar y Sanna, autor de Cagliari que se dedica á historia e ao xénero memorial, testemuñando o forte ligame que aínda persiste coa cultura española. Tal persistencia revélase en moita da produción escrita do XVIII.

O teatro

O público sardo parece agradecer particularmente, neste século, os espectáculos teatrais, tanto de temática civil e política coma de carácter relixioso. Un interesante testemuño lingüístico é a *Sacratissima Passion de nuestro Senor Jesu Christo* de Maurizio Carrus, representada no 1728. O autor escolle unha lingua entre o *logudorese* e o sardo meridional para o texto dialóxico e expresa as didascalias en español. Continúa na liña de mestura lingüística a obra de Giovanni Delogu Ibba. O *Index libri vitae*, de 1736, contén unha parte de epigramas en latín, dísticos sobre os principais misterios, sextinas en español e unha *Tragedia in su Isclavamentu*: un dos espectáculos máis populares en Sardeña. O texto, que trata da Crucifixión e da Deposición de Cristo, enriquecese de elementos propios da tradición española. O autor amosa unha gran capacidade lingüística, utilizando as diferentes linguas con gran pericia. Finalmente, pero non menos importante, atopámonos coa *Historia de la vida y hechos de San Luxorio*, drama sacro de 1751 escrito por Gian Pietro Chessa Cappay. O texto, escrito completamente en español, leva os diálogos en sardo *logudorese*, feito que demostra que a penetración da lingua española en Sardeña foi profunda. De feito, a influencia da literatura española subxace tamén nos aspectos estilísticos e métricos da obra.

A poesía

Na metade do século, baixo o goberno de Carlo Emanuele II, lévase a cabo unha política reformadora para integrar, dun xeito ou doutro, o idioma italiano na Sardeña. Por iso, no 1760 vétese o emprego do español nos discursos e

actos públicos e co fin de favorecer a introdución do italiano no ámbito escolar chámanse mestres da península. Na poesía do XVIII, en consonancia con esta liña, pódese afirmar que as linguas privilexiadas son o italiano e o sardo.

É xusto nesta situación que se produce na illa unha literatura con claras influencias do movemento literario italiano chamado *A Arcadia*. Os dous maiores representantes na Sardeña son Francesco Berlendis e Antonio Marcello. Este último é, sen dúbida, a personalidade de maior relevo, xa que se inspira no xénero do melodrama italiano para compoñer cinco pezas melodramáticas, as primeiras escritas en italiano por un autor sardo. Os que actualmente coñecemos son os tres seguintes: *Il Marcello* (1783), *La morte del giovane Marcello* (1784) e *Olimpia ovvero l'estinzione della stirpe di Alessandro il Grande* (1785). Derivada da historia grega e romana, a temática do poder atópase presente en todas as súas obras. A lección da Arcadia faise evidente tamén nas composicións en *logudorese* de Gian Pietro Cubeddu. É descrito como un poeta de incríbel sensibilidade, que ía polas aldeas e era gratamente recibido por aqueles que amaban a poesía; e posuía unha vea irónica e moral que o caracterizaban. Outro autor que sofre a influencia da Arcadia é Gavino Pes, que tamén escribe en sardo, acoillendo as temáticas dos clásicos latinos e italianos e tendo tamén ben presente as ensinanzas do Barroco español. Sobre os seus versos Brigaglia dixo: "(...) con la loro musica sapiente, con le loro raffinate contrapposizioni, con il gusto delle immagini eleganti e serene".

90

Máis variada é a elección de Efsio Siotto Sirigiu que escribe poesías en italiano, latín e en dialecto *cagliaritano*. Cando escribe en dialecto *cagliaritano*, segundo os críticos, alcanza os seus mellores resultados, expresando tamén un sutil humorismo. No 1793 nace na Sardeña un movemento político que quere unha maior autonomía, que chega a posicións máis radicais a causa das resistencias do goberno *sabaudo* e remata nos movementos contra o feudalismo e contra o goberno do Piemonte de 1793-96. Quen guiou eses movementos foi Giovanni María Angioy, que tiña a idea de crear unha república sarda independente. Francesco Ignacio Mannu participou con el nos movementos insurreccionais do 1793-96. A súa obra máis coñecida, concretamente de entonación política e social, é *Su patriottu sardu a sos feudatarios*, un himno que reflicte perfectamente a ideoloxía vixente nese momento histórico. O que enriquece a meditación lingüística xa empezada por Araolla e por Garipa é Matteo Madao. A súa proposta consiste na creación dunha lingua sarda digna da poesía, e propón como posíbel candidata a variante dialectal *logudorese*. Ademais,

dedícase á compilación dun dicionario sardo. É o primeiro en concibir que unha nación entendida en sentido étnico ten que utilizar a súa lingua. A súa é unha meditación máis política e social ca literaria.

A literatura didáctica

O goberno piemontés leva a cabo neste século varias reformas administrativas e económicas, tanto no campo da agricultura coma noutros campos. O século XVIII foi, en síntese, unha época de profunda renovación na Sardeña. Ás decisións do goberno engádense tratados prácticos sobre varios tipos de actividades. O campo que xera máis interese é o das actividades agrícolas. A este xénero de tratados pertencen as obras de Andrea Manca, Antonio Purqueddu, Domenico Simon, Francesco Carboni, Raimondo Valle e, con trazos diferentes, o Cossu e o Manca dell'Arca.

O século XIX

O derradeiro ano do século XVIII está marcado por un acontecemento moi importante. A causa da ocupación francesa da península italiana a corte dos Savoia trasládase desde Turín a Cagliari. Comeza así para os sardos un século de represión e espoliación fiscal que xera unha profunda miseria na illa. No 1820 co *Editto delle chiudende* institúese a propiedade privada da terra, o que provoca numerosos contrastes entre agricultores e gandeiros. Novas dificultades xorden coa abolición do sistema feudal: os feudatarios reciben proveitos maiores dos que lles corresponden, o que provoca unha posterior crise na economía da illa. Fronte a tantas calamidades pódense observar pequenos progresos que, sen embargo, non compensan os danos causados. O acontecemento cultural de maior importancia é a fundación da *Reale Società Agraria ed Economica* en 1804, que representa o único sinal de atención á economía da illa, esencialmente sostida na actividade agrícola. Obsérvanse modestos progresos no campo da instrución e da actividade xornalística. Nacen asociacións culturais e increméntase a actividade editorial. Os intelectuais continúan coa misión comezada no século anterior buscando solucións e remedios aos males da illa.

91

As *Carte d'Arborea*

Síntoma da necesidade de dotar a Sardeña dunha tradición literaria documentada e da vontade de proceder á recuperación histórica, é o episodio da

aparición das *Carte d'Arborea*. Trátase dunha serie de documentos que aparecen dende o 1845 e conteñen textos literarios en latín, sardo, italiano e catalán, e que testemuñarían a existencia na Sardeña dunha literatura anterior á que tivo lugar en Sicilia. En realidade os documentos resultaron obra de falsificadores. Estes textos son a proba de que na illa comeza a nacer a consciencia da importancia da lingua local e das súas manifestacións literarias.

A historiografía e a investigación sobre a lingua

A atención pola historia resulta cada vez máis intensa segundo vai medrando a consciencia do que significa pertencer a unha cultura rexional particular. Neste século esta consciencia é máis forte e evidénciase tamén na atención pola lingua sarda. Giuseppe Manno (1786-1868) contribúe a esta tendencia con dúas obras: *Storia di Sardegna*, publicada entre o 1825 e 1827, e *Storia moderna della Sardegna dall'anno 1773 al 1799* do 1842. A través das súas obras a historia da illa dáse a coñecer á cultura italiana e europea. Digna de resaltar é tamén a obra de Pasquale Tola (1800-1874), quen escribe o *Dizionario biografico degli uomini illustri di Sardegna* en 1838 coa intención de amosar que o mito que se lle atribuíu á Sardeña de illa inculta non era nada máis ca unha mentira. Xorde tamén das gañas de contrastar os falsos prexuízos sobre a cultura da Sardeña; a obra de Pietro Martini (1800-1866). Súas son as obras: *Biografia sarda* (1837-1838), *Storia ecclesiastica di Sardegna*, publicada entre o 1839 e o 1841 e *Storia di Sardegna dal 1799 al 1816* de 1852.

92

No contexto da investigación histórica e co mesmo espírito ve a luz a obra de Giovanni Siotto Pintor (1805-1882), a primeira historia literaria da Sardeña. A obra é case unha enciclopedia en nove libros. Varios críticos acusárono de ter producido unha obra de estampa excesivamente italiana, a pesar de lle reservar un grande espazo aos poetas en lingua sarda. No último libro o autor explica cál foi a dificultade maior dos estudos literarios na Sardeña: a obriga de aprender dúas linguas alleas. O ataque diríxese dun xeito particular contra a dominación política e a lingua española.

No clima de crecente atención sobre a lingua sarda aparecen obras que por primeira vez a codifican. Vincenzo Raimondo Porru persegue valorar a lingua sarda, tan subestimada como a cultura e a historia. Recoñece a importancia dunha lingua como medio de cohesión dunha comunidade. Representan unha gran contribución para a lingua sarda as súas obras: *Saggio di grammatica del*

sardo meridionale de 1811 e o *Nou dizionariu universali sardu italianu* (1832-1834), unha obra de grande utilidade polo enriquecemento que supón para a lingua sarda.

Para enriquecer a lingua sarda e mellorar a súa valoración traballou tamén Giovanni Spano, publicando a *Ortografia sarda nazionale, ossia grammatica della lingua logudorese paragonata all'italiana* de 1840, unha obra útil pola ensinanza comparativa do italiano e do sardo, e o *Vocabolario sardo-italiano, italiano-sardo* (1851-1852).

A obra que contribúe en cambio á recuperación da tradición literaria en sardo é *Canti popolari della Sardegna* (1833), de Giuseppe Paesella, que testemuña aínda unha vez máis que os sardos comezan a concibir a súa lingua e a súa literatura como nacionais. O sentido principal da obra é recoller a poesía que os sardos escribiron na propia lingua dirixíndose aos sardos mesmos.

A poesía

Destaca, sen dúbida, na actividade poética do XVIII a produción en lingua sarda. A primeira proba desta afirmación son as *Sátiras* de Diego Mele (1797-1861). Nado en Bitti, estuda teoloxía e faise cura. Este poeta sabía que o *Editto delle chiudende* representaba un gran dano para a sociedade sarda e contéstao nos seus poemas. A causa diso e dos seus versos agudos e irónicos que lle procuraran numerosos inimigos, vese obrigado a abandonar a súa vila. Os seus poemas, nos que se amosan os seus coñecementos literarios, falan da sociedade agrícola onde viviu, representándoa perfectamente na súa realidade cotiá. As súas obras tiveron e teñen aínda hoxe en día gran fama, pero tiveron aínda unha maior difusión as obras de Melchiorre Murenu (1803-1854). Ao redor da súa vida circulan anécdotas ás veces inverosímiles. Analfabeto e indixente, estaba dotado dunha incríbel memoria que lle procurou o alcume de “O Homero dos pobres”. A súa cultura baseábase na tradición oral e na oratoria sacra, o que lle permite componse versos cun notábel rigor métrico. A súa poesía diríxese aos pobres, que son os que máis sofren a causa das tráxicas condicións económicas da illa. É autor do cuarteto *Tancas serradas a muru*, unha das estrofas máis auténticas e vitais de toda a poesía illense.

A pobreza, e en particular a fame, forman parte tamén da temática principal do poema anónimo en *gallurese* a *Canzona di mastru Juanni*. Mastru Juanni

é a personificación tradicional da fame e por iso se pensa que o poema faga referencia á carestía que houbo na Sardeña en 1812. A figura de mastru Juanni é a metáfora dunha sociedade corrompida, destruída pola fame non só materialmente senón tamén nos valores e nos sentimentos.

De oposta temática é a poesía de Paolo Mossa (1821-1892), que se inspira na corrente literaria da Arcadia. A súa poesía é unha tentativa de evasión da triste realidade sarda. Michelangelo Pira dixo del:

Con parole sue un gran numero di contadini, pastori ed artigiani sardi analfabeti ha vagheggiato la donna amata, ha pensato il ritorno stagionale delle rondini, ha pianto la scomparsa di persone care.

Tivo unha gran difusión sobre todo na área *logudorese*, onde se fala a súa lingua.

Pecha o século XIX a obra de Melchiorre Murenu (1872-1901). O ton da súa poesía é conscientemente popular, a linguaxe é cotiá e a tensión poética das palabras faise máis prosaica. Por iso os críticos achegaron a súa obra a aquelas dos poetas italianos da corrente literaria *Crepuscolare*.

94

A narrativa

Como xa dixen, no século XIX os intelectuais reservan á investigación histórica unha particular atención. Así mesmo, na narrativa aparecen numerosas obras de carácter histórico. Estas obras son fundamentais para entender a revolución espiritual que liberou os sardos das tradicións literarias que dominaran o escenario nos séculos antecedentes. Os sardos chegan agora a mirarse cos seus ollos, sen perderse nas perspectivas dos que os dominaron e os seguen dominando.

Enrico Costa (1841-1909) foi o que mellor interpretou o espírito do XIX nas súas novelas costumistas e históricas. A súa bibliografía é moi ampla, polo que me limitarei a falar só dalgunhas obras. En xeral a tentativa de Costa é a de poñer de relevo a historia sarda a través do xénero novelesco. Non é posible dar xuízos, como fan moitos, sobre algo que non se coñece; esta é a actitude que Costa quere contrastar. Na novela *Paolina*, escrita en italiano en 1874,

aparece unha famosa afirmación do autor que polemiza contra todos aqueles que falaron da Sardeña sen coñecela:

Individui insomma che, spacciandosi per uomini di alto affare, di vasta cultura e d'inarriabile intelligenza, si atteggiavano ora a maestri, ora a severi giudici di un paese, di cui ignorano il piú delle volte la storia, le tradizioni le tendenze e la stessa geografia⁴.

Hai que saír dos prexuízos e valorar un pobo que polas dominacións non chegou a ter unha clara idea de si mesmo e que os outros tampouco chegaron a valorar con obxectividade.

A vontade de recuperar a historia tamén se atopa presente na obra de Pompeo Calvia (1857-1919), que a pesar de vivir a cabalo dos séculos XIX e XX non contribúe con ningunha particular innovación ao espírito do século XX. A súa novela *Quiteria* publicouse por entregas na *Sardegna letteraria* do 1902. A súa obra mestra é *Sassari mannu*, unha escolma de poemas en sardo, na súa maioría sonetos, que ofrecen unha visión do momento histórico que estaba a vivir a cidade de Sassari.

95

A relación dos intelectuais de Sardeña cos literatos italianos coevos faise evidente na obra de Salvatore Farina, quen terminou a novela *Fosca* do milanés Iginio Ugo Tarchetti, un dos maiores poetas da corrente literaria da *Scapigliatura*. Na obra *La mia giornata* o autor recompila a súa vida e moitos dos personaxes do ambiente milanés. A súa é unha obra de mediación entre a cultura italiana e a cultura sarda.

A tentativa de representar os elementos típicos da cultura italiana e superar os elementos rexionais atópase presente na novela *Roccapinosa* (1874), de Ottone Barchedda. O autor transmite unha representación do ambiente sardo na escolma de relatos *Bozzetti sardi* (1881). A súa personalidade representou aquela necesidade de relacionarse coa cultura italiana que se facía sempre máis forte no crepúsculo do século XIX.

⁴ Enrico Costa, *Paolina: racconto sardo*, Sassari: Tip. Azuni, s.d.

Revistas literarias

Comeza neste século unha fecunda actividade de revistas literarias. Nas páxinas destas revistas aparece ás veces a produción dos literatos do tempo. Limitareime a enumerar os nomes e os anos en que tiñan vixencia algunhas destas, para ofrecer unha idea da constancia e da persistencia das iniciativas editoriais. Non chegan a bo termo as iniciativas xornalísticas de Andrea Massala e de Domenico Alberto Azuni de fundar precisamente un xornal de literatura para os sardos e un xornal técnico-científico. A primeira revista literaria é *La Meteora*, que apenas chega ao seu terceiro ano por culpa da censura; os seus redactores eran defensores das *Carte d'Arborea*. De argumento especificamente literario son tamén as revistas de breve duración: *Farfalla* (1876-1877), *Gioventú Sarda* (1876-1877), *La Stella di Sardegna* (1875-1879 e 1885-1886), *Vita di pensiero* (1878-1879), *Vita Sarda* (1891-1893) e *Sardegna letteraria* (1902).

O século XX

96

Para entender a literatura do século XX hai que facer referencia aos acontecementos históricos da última parte do século XIX por dúas razóns. Dunha banda porque a periodización en séculos ten o defecto de ser excesivamente ríxida; e da outra porque falarei dalgúns autores que viven a cabalo dos dous séculos.

No 1861 proclámase en Turín o reino de Italia e a Sardeña entra por completo a formar parte da historia da península. A illa mantén no novo reino os seus graves problemas económicos e a súa situación de atraso. O modelo de vida dos sardos queda aínda por moito tempo lonxe da sociedade italiana e a cultura da illa, que durante moito tempo se considerou arcaica, queda nun estado de marxinación. Ao cabo da primeira guerra mundial nace na illa o Partito Sardo d'Azione, representando o primeiro paso para a conquista dunha autonomía que lle proporcionase aos sardos os seus dereitos. Dous anos despois da proclamación da República Italiana, no 1948, por decisión da Asemblea Constituínte, Sardeña chega a ser unha Rexión Autónoma con Estatuto Especial. En principio os progresos parecen imposíbeis, pero hoxe a illa, a pesar de sufrir épocas de crise, goza dun substancial benestar. O sentimento máis forte na Sardeña, aínda hoxe, é sentirse como unha colonia de Italia, terra boa para explotar pero pouco interesante para coñecer.

No campo da cultura a situación é idéntica. Os intelectuais sardos intentan relacionarse cada vez máis co sistema literario italiano pero son marxinados polos mesmos italianos. A literatura en lingua sarda aumenta considerabelmente xunto coa consciencia de ter unha lingua de seu que protexer e empregar, xa que a pesar de moitos escribiren en italiano, outros tantos fano nas dúas linguas. A grande evolución do sardo, xa empregado nos séculos anteriores na poesía, maniféstase na narrativa a partir da segunda metade do século XX. Como xa apuntei con anterioridade, a particularidade que acompaña a literatura da Sardeña ao longo da súa historia é aínda hoxe o plurilingüismo. De feito, a maioría dos autores contemporáneos escriben en sardo e en italiano.

A narrativa

Unha das figuras que vive a cabalo dos dous séculos é Grazia Deledda (1871-1936). Foi unha experiencia fundamental na súa formación a colaboración coas máis importantes revistas literarias da Sardeña. Esta experiencia deu-lle a posibilidade de levar a cabo a súa aprendizaxe literaria e de poñerse en contacto con moitos intelectuais do seu tempo, entre eles Sebastiano Satta. A súa formación literaria é bastante vasta, coñece a literatura francesa, a rusa e os narradores italianos do seu tempo. Destas bases nace o proxecto de representar a realidade sarda dunha maneira orixinal, rexeitando os aspectos máis coñecidos e convencionais. A autora intenta definir a identidade sarda, pero a súa mensaxe parece máis dirixida a un público externo que aos sardos mesmos. Isto non quere dicir que Grazia Deledda mirase os sardos cos ollos dos continentais, ela tiña unha visión da súa Sardeña moi persoal e soubo transformar esta visión en literariedade. A autora sabía ben que escribir unicamente para un público sardo significaba renunciar a ser coñecida no ámbito europeo. As súas obras son en italiano.

Ao redor da revista *Il Nuraghe* (1923-1932), que devén un símbolo para os intelectuais que adquiren a consciencia da identidade sarda e combaten para a cuestión da autonomía, móvese un grupo de escritores que, escribindo en italiano, entran en polémica con Grazia Deledda. Estes escriben seguindo os modelos da narrativa naturalista, pero ningún chega ao nivel literario da escritora, e a maioría ofrece unha visión demasiado provincial. A este grupo pertencen Lussu, Bellieni, Carta Raspi, Fancello, Raimondo Lecis, María Delogu, Francesco Cucca, Filiberto Farci, Giovanni Antonio Mura, Lina Masala Lobina, Francesco Brundu e Giovanni Cau.

De oposta tonalidade son as obras de Filippo Addis, quen propón unha representación da illa oposta a aquela tradicional. Co seu humor profana a visión típica da illa e intenta elevar a literatura sarda do seu excesivo ton provincial. As súas obras mestras son: *Gloria oratoria* (1905), *Il divorzio* (1920) e *Giaggiu Iscriccia* (1926).

Particular é a figura de Francesco Brundu, que participa na loita contra o fascismo e reivindica a autonomía da illa. Os sardos necesitan recuperar a propia identidade, esta é a mensaxe que transloce nas súas novelas *Il diavolo tra i pastori* (1945) e *Il salto delle pecore matte* (1949).

De todo orixinal é a figura de Giuseppe Dessí que se subtrae á herdanza literaria de Grazia Deledda, empregando modelos narrativos totalmente modernos. A temática principal das súas obras é exclusivamente a Sardeña, unha Sardeña filtrada pola memoria, simbólica e fantástica que é o pretexto para unha reflexión existencial. Referencias máis concretas da realidade sarda aparecen na obra de Salvatore Cambosu. A través do estudo da economía e da sociedade sarda agasállanos cunha interpretación antropolóxica da illa.

98 Na revalorización intelectual da Sardeña xoga un papel de importancia a figura de Antonio Gramsci. Personaxe de relevancia na política italiana, funda no 1921 o Partito Comunista d'Italia. Para a súa terra sostén a lingua sarda e a causa da autonomía. As súas reflexións aparecen na obra *I quaderni del carcere*, que foi coñecida a partir do 1946.

Emerxe no século XX a necesidade de dar unha disposición orgánica das obras e dos autores da literatura sarda. Obra de extrema importancia é, neste caso, a antoloxía de Dessí e Tanda *Narratori di Sardegna*. Préstaselle unha primaria atención na obra ao problema da marxinação da literatura producida na Sardeña en italiano no ámbito da literatura nacional.

Precursor do cambio que se manifesta nas tendencias literarias dos anos sesenta é Francesco Zedda, que publica no 1953 a novela *C'è un'isola antica*. O autor amosa unha gran sapiencia na arte de narrar e constrúe personaxes de psicoloxía fortemente caracterizada.

De indubidábel importancia son as obras de Antonio Puddu e Michele Columbu, que testemuñan o gran cambio da cultura e da literatura sarda acontecido nos anos setenta.

Unha das obras de máis alto nivel na Sardeña é *Il giorno del giudizio* de Salvatore Satta publicada no 1977. Gran metáfora da existencia, a novela considérase un caso literario porque constitúe unha parábola única e singular na historia da literatura sarda.

Nos anos oitenta o xénero da novela evoluciona notabelmente, non só grazas ás obras dos escritores da época dos anos cincuenta, senón tamén por obras de autores novos, que non representan a illa desde unha perspectiva real, pero si a adoptan como metáfora do mundo. Cabe destacar neste grupo a dous autores: Mimmo Bua e Natalino Piras.

Aínda que non pertenza a este contexto, digna de mención é a obra de Paolo Cherchi *L'amante ropaldico e altri erostrati* do 1988.

O tema recorrente da identidade sarda aparece en dúas solucións orixinais nas obras de Sergio Atzeni e Salvatore Mannuzzu. No convenio *Italia, Italiae: radici e identità* Mannuzzu abre a súa relación coa seguinte afirmación:

Provo diffidenza nei confronti della parola radici, della parola identità. Vengo da una terra dall'identità forte, o supposta tale: la Sardegna; dove si fa spreco di simili parole. Forse é uno spreco inevitabile: quando si é davvero nutriti delle proprie radici, quando l'identità é certa[...] non si insiste tanto a parlarne. Le radici si nominano quando invece si corre il rischio di finire sradicati; l'identità s'invoca [...] quando entra in crisi. Má i costi di questo troppo esplicito nominare, di questo troppo insistito invocare non sono esigui. Giacché così si da presente il passato – forse neppure il passato: qualcosa che non è mai esistito.

99

De feito o autor intenta evitar na súa obra as modalidades literarias e as temáticas tradicionais da literatura sarda. Oposta é a posición de Sergio Atzeni que pon no centro da súa parábola literaria a Sardeña e a súa historia na tentativa de reconstruír o mito da *sardidade*⁵, utilizando como código de expresión o italiano rexional de Cagliari. Con Atzeni e Mannuzzu péchase a produción narrativa sarda en lingua italiana.

⁵ Identidade sarda.

Particular atención cómpre dedicar aos narradores que escriben en sardo, partindo de Giulio Angioni que no 1978 publica co título bilingüe *A fogu ain-tru- A fuoco dentro*.

Nos anos oitenta a produción en sardo increméntase notabelmente. Esta produción é obra de autores que escriben tamén en italiano, chegando a ter un dominio perfecto das dúas linguas. Benvenuto Lobina descobre as potencialidades expresivas do sardo nos anos cincuenta e no 1987 publica a súa novela *Po cantu Biddanoa* que, segundo moitos críticos, é a obra cume da expresión literaria en sardo. Mesma relevancia ten o texto *Sos sinnos* de Michelangelo Pira. Pira sentiu a necesidade de defender a lingua sarda e de escribir a súa novela na fala de Bitti, a súa cidade. O título *Sos sinnos* refírese á importancia da lingua na constitución da cultura dun pobo.

Retoma os códigos narrativos do neorrealismo *S'arvore 'e sos tzimesos*, de Laurentiu Pusceddu. O subtítulo da novela é *romuanzu cun poesias*, que se refíre á presenza de textos poéticos no medio da narración.

100

A polémica contra os políticos dos anos da *Rinascita* representa o centro da obra de Antonio Cossu, *Mannigos de memoria*, publicada en 1948. O subtítulo pon *Paristoria de una rivoluzione*, que significa “fábula dunha revolución”, e de feito conta unha hipotética revolución contra os malos políticos. Na produción narrativa de Antonio Cossu tamén teñen cabida dúas obras en italiano.

O problema da lingua é o tema de *Alivertu* de Mario Puddu. O título significa “feridas as ás” e por iso amosa a imposibilidade de voar. Refírese ao papel que xoga a escola na formación dos individuos. A escola é inimiga porque produce “paxaros coas ás feridas”, que non teñen a mesma competencia en italiano e en sardo, e non poden por iso rescatarse nin lingüística nin socialmente. Obras dignas de nota son tamén *Contos de s'antiguo Casteddu* de Salvatore Patatu e *Sas gamas de Istelai* de Albino Pau.

Gian Francesco Pintore en *Su zogu* critica a nova colonización capitalista ambientando a súa novela no 2050.

Giovanni Piga no 1992 en *Sas andalas de su tempus* fala da posibilidade de rescatarse socialmente para o individuo se recibe unha educación fundada sobre a propia cultura.

A poesía

A poesía en lingua sarda do XX debe o seu crecemento entre outros ao Premio Ozieri, un certame poético que nace no 1956. Na primeira metade do século a poesía en lingua sarda resistiu a pesar das restricións do réxime fascista grazas á obra de Antioco Casula alcumado Montanaru (1878-1957), que publica os *Cantigos d'Enmargentu* en 1922 e *Sos cantos de sa solitudine* en 1933. A súa lingua é un sardo renovado do influxo da lingua italiana, cousa que moitos lle reprocharon. Sen embargo, grazas a el a lingua sarda alcanza a súa mellor expresividade poética. Michelangelo Pira dixo del: “Con Montanaru il sardo fu ancora una volta lingua, mentre già nelle poesie nuoresi di Satta aveva un sapore dialettale”.

Outro escritor que mantén o uso da lingua sarda na literatura durante a época fascista é Pietro Casu. Nos anos Vinte e Trinta o réxime prohibe as competicións poéticas e fai imposíbel a publicación de textos en sardo. Pietro Casu colabora con numerosas revistas, e en particular estuda a lingua sarda, compilando despois un dicionario. Exerce a profesión de cura e realiza as súas prédicas en sardo. Escribe numerosas novelas e poemas. Traduce a *Divina Comedia* ao sardo. Nas súas publicacións, moitas tamén en italiano, escolle como materia principal a sociedade sarda.

Outro importante certame literario coñécese baixo o nome de *Pompeo Calvia*, que levou á luz a figura de Antonino Mura Ena (1908-1994), quen dedicou a última parte da súa vida á poesía. Estes textos publicáronse sucesivamente co título de *Recuìda*, isto é, “Retorno”. Nestes poemas emerxe unha paisaxe árida e espida, un mundo pobre feito de proximidade coa natureza, que o autor representa a través dunha lingua feita de sons ásperos e escuros.

De inspiración civil é a poesía de Francesco Masala, quen escribe en italiano ata o 1981, cando publica *Poesías en dúas limbás*. Da lectura das súas obras resalta de xeito particular o amor e o respecto pola propia cultura.

A poesía producida na Sardeña no século XX por autores que escriben en sardo, en italiano, ou nas dúas linguas é considerábel, polo que nesta modesta síntese non pode caber o proxecto de presentar estas personalidades unha por unha. Ademais dos nomes xa citados, cómpre recordar a Annunzio Cervi, Gaimo Pintor, Sergio Manca, Gaetano Patarozzi, Mercedes Mundula, Marcello Serra, Pietro e Antonio Mura, Francesco Masala, Benvenuto

Lobina, Angelo Mundula, Raimondo Manelli, Peppino Marotto, Giovanni Maria Cherchi, Gigi Dessy, Grazia Dore, Franco Cocco, Grazia Maria Poddighe, Orlando Biddau, Giovanni Dettori, Leonardo Sole, Raffaele Mascolo Ciusa e Alberto Lecca.

Giorgia Sodaro
Universidade La Sapienza, Roma

Bibliografia das obras en sardo

Manuscritos

Besta, E.- Solmi A. (a cura de), *I Condaghi di S. Nicola di Trullas e di Santa Maria di Bonarcado*, Milano: A. Giuffrè, 1937.

———, *Il liber iudicum turritanorum con altri documenti logudoresi*, Palermo: Tip. New York, 1906.

Narrativa

102

Canu, P., *Un linzolo di tarra*, Cagliari: 3T, 1986.

———, *Lu steddù* (“Il ragazzo, racconto, quasi un romanzo”), Cagliari: GIA, 1989.

Casu, Pietro, *Ghermita al core*, Milano: Amatrix, [1920?].

Cossu, A., *Mannigos de memoria*, Nuoro: I.S.R.E. 1982.

———, *A tempu de Lussorzo. Contu a modu de treatu in tres partes*, Cagliari: Della Torre, 1985.

Lobina, B., *Po cantu Biddanoa*, vols. I e II, Sassari-Cagliari: 2D Mediterranea, 1987.

Patatu, S., *Contos de s'antigu Casteddu*, Sassari: Diesse, 1980.

———, *Buglia bugliende*, Pinerolo: Editrice Alzani, 1993.

Pau, A., *Sas gamas de Istelài. Romanzu. Prefazione di E. Biagi di Bitti*, Cagliari: “Su Carrale”, 1988.

———, *Guida a sas imbreacheras*, Cagliari: Edizioni Pinna e Tinteri, 1991.

- Piga, G., *Sas andalas de su tempus*, Cagliari: Edizioni Castello, 1992.
- Pintore, Z.A., *Su zogu*, Nugoro: Papiros, 1989.
- Pira, M., *Sos sinnos*, traduzione a cura de N. Piras, en "Ichnusa", III (1984), n. de outubro/dicembro.
- Puddu, M., *Alivertu. Sa colonizzazione de unu pastore*, s.l.: Ediz. Golosti, s.d., [1985].
- Pusceddu, L., *S'arvore de sos Tzinesos*, Isili(NU): Editziones de sa nae, 1982.
- , *Mastru Taras*, Nugoro: Papiros, 1992.

Poesía e teatro

- Araolla, G., *Rimas diversas spirituales*, Cagliari: 1597.
- Calvia, P., *Sassari mannu : poesie edite e inedite*, Sassari: Tip. Ubaldo Satta, 1922.
- Carrus, Maurizio, *Sa passione et morte de nostru Signore Jesu Cristo, segundu sos battor evangelistas*: comedia, Firenze: Tip. Del Vocabolario, 1881.
- Casu, Pietro, *Versos de Sardigna*, Cagliari: Edizioni della Torre, [1995].
- , *Sa Divina Cumedia de Dante in limba sarda*, Ozieri: Casa editrice F. Niedda & figli, stampa 1977.
- Casula, A., *Boghes de Barbagia*, Cagliari: Tip. Dessi, 1904.
- , *Cantigos d'Ennargentu*, Cagliari: Tip. Giovanni Ledda, 1922.
- , *Sos cantos de sa solitudine*, Cagliari: Agis, 1933.
- Gaviano, Paolo, *Le Carte d'Arborea*, Oristano: S'Alvure, 1996.
- Manno, F.I., *Su patriottu sardu a sos feudatarios*, Cagliari: Il nuraghe, [1923?].
- Mele, D., *Satiras : con due composizioni inedite*, Cagliari: Edizioni della Torre, 1984.
- Mossa, P., *Poesie*, Cagliari: Edizione della fondazione Il Nuraghe, 1928.
- Murenu, M., *Sa creazione de Adamu e sa nascita, passione e morte de n. s. Gesu Cristu : Cantigu cumpostu in limba sarda logudoresa*, Sassari: Ubaldo Satta, 1902.
- , *Su Giudiziu Universale: Cantigu cumpostu in limba sarda logudoresa*, Sassari: Ubaldo Satta, 1902.

——, M., *S' invidia s'impostura e sa murmurazione: (ottava serrada): Cantigu cumpostu in limba sarda logudoresa*, Sassari: Ubaldo Satta, 1906.

——, M., *S' anima dannada a sa presenzia de su tribunale divinu (ottava serrada): Cantigu cumpostu in limba sarda logudoresa; Cumbidu a su peccadore pro si cunvertire (Sesta torrada): Improvisada su sero de sas missiones de su 1842*, Sassari: Ubaldo Satta, 1906.

——, M., *Sa giovana vana, capricciosa e libertina (cumponimentu in sesta torrada); S'immondizia de Bosa (cantone satirica in sesta serrada) / Melchiorre Murenu. Risposta a sa cantone precedente. Sa cantone de su correddu (ottava serrada) / Giuanne Loria de Romana*, Sassari: Ubaldo Satta, 1906.

Pes, G., *Canti di Gallura / Don Gavino Pes e poeti minori*, Tempio Pausania: Tip. Ditta G. Tortu, 1957.

——, *Tutti li canzoni: le straordinarie rime d'amore e di gelosia del "Catullo gallurese" del settecento*, Cagliari: Edizioni dell Torre, 1981.

Sechi, S. (a cura de), *La canzona di Mastru Juanni: la fame in Gallura in un'eccezionale satira dell'Ottocento*, Cagliari: 1982.

104

Haxiografias

Araolla, G., *Sa vida su martiriu et morte d'essos gloriosos martires Gavinu, Brothu e Gianuario*, Cagliari: Galcerino, 1582.

Cano, A., *Sa vitta et sa morte et passione de sanctu Gavinu Prothu et Ianuariu*, Sassari: Centro di studi filologici sardi, 2002. (a cura de Dino Manca).

Garipa, G.M., *Legendariu de santas virgines et martires de Jesu Cristo*, Nugoro: Papiros, 1998.

Bibliografia das obras en italiano

Addis, F., *Gloria oratoria*, en "Il Fanfulla della Domenica", 29.X. e 5.XI., 1905.

——, *Il divorzio*, Torino: Baravalle e Falconieri, 1920.

——, *Giagu Iscriccia*, Torino: Chiantore, 1925.

——, *Il fior del melograno*, Torino: Chiantore, 1929.

——, *Le bestie dei miei amici: i bipedi*, Torino: Chiantore, 1932.

- , *Le bestie dei miei amici: i quadrupedi*, Milano: Editrice La Prora, 1934.
- , *Il moro*, Milano: Editrice La Prora, 1936.
- , *Vecchia Sardegna*, Milano: Editrice La Prora, 1939.
- , *La sughera di Campanadolzu*, Torino: Gambino, 1950.
- Angioni, G., *A fuoco dentro – A fogu aintru*, Cagliari: Edes, 1978.
- , *Sardonica*, Cagliari: Edes, 1983.
- , *L'oro di Frauss*, Roma: Editori Riuniti, 1988.
- , *Il sale sulla ferita*, Padova: Marsilio, 1990.
- , *Una ignota compagnia*, Milano: Feltrinelli, 1992.
- Atzeni, S., *L'apologo del giudice bandito*, Palermo: Sellerio, 1986.
- , *Il figlio di Bakunin*, Palermo: Sellerio, 1991.
- Bua, M., *Gente d'ischiria*, Cagliari: Castello, 1975.
- Brundu, F., *Il diavolo tra i pastori*, Roma: Mondadori, 1945.
- , *Il salto delle pecore matte*, Roma: De Carlo, 1949.
- , *Adalgisa e altri racconti*, Sassari: Edes, 1997.
- Calvia, P., *Quiteria e altri racconti*, Nuoro: Ilisso, [2001].
- Cambosu, S., *Lo zufolo*, Bologna: La festa, 1932.
- , *Miele amaro*, Firenze: Vallecchi, 1954.
- Carta, A., *Anzelinu*, Torino: Einaudi, 1981.
- Casu, P., *La dura tappa*, Alba: Scuola tipografica ed., [1923?].
- , *Il voto*, Roma: L. Buffetti, 1922 (Tivoli: Tip. Modena).
- , *Fiori di landa*, Milan: Op. Naz. Per Il Mezzogiorno D'Italia, 1943, Arti Grafiche M. Sejmmand.
- , *Santa vendetta*, Milano: Amatrix, [1929].

- , *Notte sarda*, Milano, Amatrix, [1925?].
- , ...*Per te, Sardegna*, Cagliari: Editrice cattolica sarda, 1922.
- Cerchi, *L'amante ropalico ed altri erostrati*, Lugano: Fondazione Schlesinger; Milano: Centro Stampa "La Centrale", 1988.
- Columbu, M., *L'aurora è lontana. Dalla Sardegna: racconti*, Milano: Ed. Leader, 1968.
- , *Senza un perchè*, Cagliari: AM & D Edizioni, 1992.
- Costa, E., *Rosa Gambella: racconto storico sassarese del secolo XV*, Sassari: Tip. Nuova Sardegna, 1897.
- , *Paolina: racconto sardo*, Milano: Alfredo Brigola e C., stampa 1884.
- , *Il muto di Gallura (racconto storico sardo)*, Milano: Alfredo Brigola e C., 1885.
- , *La bella di Cabras*, Cagliari: Tip. Edit. Dell'Avvenire di Sardegna, 1887.
- , *Giovanni Tolu : storia d'un bandito sardo narrata da lui medesimo: preceduta da cenni storici sui banditi del Logudoro*, Sassari: Premiata stabil. tip. G. Dessi, 1897.
- , *Da Sassari a Cagliari e viceversa: guida racconto*, Cagliari: Edizioni della Torre, 1995.
- Deledda, G., *Elias Portulu*, Milano: Mondadori, 1903.
- , *L'edera*, Milano: Mondadori, 1908.
- , *Canne al vento*, Milano: Treves, 1913.
- , *Fior di Sardegna*, Sesto S. Giovanni, Casa Ed. Madella, 1915.
- , *Racconti sardi*, Firenze: A. Quattrini, 1913.
- , *Anime oneste*, Milano: L.F. Cogliatti, 1895.
- , *Cenere*, Milano: Teves, 1913.
- , e Antona Traversi Camillo, *L'edera: drama in tre atti*, Milano: Treves, 1912.
- , *Marianna Sirca*, Milano: Fratelli Treves Editori, 1915.
- , *La madre*, Milano: Fratelli Treves, 1920.

- , *Cosima*, Milano: Fratelli Treves, 1937.
- Delitala, *Rime diverse*, Cagliari: G. Dessì, 1911.
- Dessì, *San Silvano*, Firenze: Le Monnier, 1939.
- , *Michele Boschino*, Milano: Mondadori, 1942.
- , *La scoperta della Sardegna*, Milano: Il Polifilo, 1936.
- , *Il disertore*, Nuoro: Ilisso, 1961.
- , *Paese d'ombre*, Nuoro: Ilisso, 1972.
- Farina, S., *La mia giornata: dal meriggio al tramonto*, Sassari: Edes, 1998.
- Giacobbe, M., *Le radici*, Cagliari: Della Torre, 1977.
- Ledda, G., *Padre padrone*, Milano: Feltrinelli, 1975.
- , *Lingua di falce*, Milano: Feltrinelli, 1977.
- Lussu, E., *Un'anno sull'altipiano*, Torino: Einaudi, 1945.
- Mannuzzu, S., *Un dodge a fari spenti*, Milano: Rizzoli, 1962.
- , *Procedura*, Torino: Einaudi, 1988.
- , *Un morso di formica*, Torino: Einaudi, 1992.
- , *La figlia perduta*, Torino: Einaudi, 1992.
- Pira, M., *Sardegna tra due lingue*, Cagliari: La Zattera, 1968.
- Piras, N., *Il tradimento del mago*, Cagliari: Castello, 1986.
- Puddu, A., *Zio Mundeddu*, Bologna: Cappelli, 1968.
- , *La colpa di vivere*, Foggia, 1983.
- Satta, S., *Il giorno dl giuduzio*, Milano: Cedam, 1977.
- , *De profundis*, Milano: Adelphi, 1980.
- , *Soliloqui e colloqui di un giurista*, Milano: Cedam, 1968.

———, *La veranda*, Milano: Adelphi.

Satta, Sebastiano, *Canti. Canti barbaricini. Canti del salto e della tanca*, Nuoro: Ilisso, c2003.

Zedda, F., *C'è un'isola antica*, Milano: Martello, 1954.

Zizi, B., *Marco e il banditismo*, Cagliari: Fossataro, 1968.

———, *Il filo della pietra*, Cagliari: Fossataro, 1971.

———, *Greggi d'ira*: Cagliari: Fossataro, 1974.

———, *Il ponte di Marreri*, Cagliari: La Voce Sarda Editrice, 1981.

———, *Ertbole*, Cagliari: La Voca Sarda Editrice, 1984.

———, *Santi di creta*, La Voce Sarda Editrice, 1987.

Bibliografia Xeral

108

Alziator, F., *Storia della letteratura in Sardegna*, 3T, Cagliari: 1985.

Binni W.- Sapegno N., *Storia della letteratura delle regioni d'Italia*, (a cura di E. Ghidetti), Firenze: Sansoni, 1968.

Carta-Raspi, R., *Artisti, poeti e prosatori di Sardegna*, Cagliari: Il Nuraghe, 1927.

Corraíne, Diego, *Políticas lingüísticas y educativas en Cerdeña*, “VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias Políticas Lingüísticas e Educativas na Europa Comunitaria”, Santiago de Compostela: 22,23,24 de novembro de 2001, Xunta de Galicia, 2002 .

Dessí G.-Tanda N., *Narratori di Sardegna*, Milano: Mursia, 1965.

Dionisotti, C., *Geografia e storia della letteratura italiana*, Torino: Einaudi, 1967.

Floris, F., *Bibliografia storica della Sardegna*, Cagliari: Della Torre, 2001.

Marci, G., *Narrativa sarda del Novecento – Immagini e sentimento dell'identità*, Cagliari: Cuccu Editrice, 1991.

Maninchedda, P., “Nazionalismo, cosmopolitismo e provincialismo nella tradizione letteraria della Sardegna (secc. XV-XVIII)”, en *Revista de filología románica*, Madrid: Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, Número 16-1999.

- Pirodda, Giovanni (1992), *Letteratura delle regioni d'Italia. Storia e testi. La Sardegna*, Brescia: La Scuola.
- Tanda, Nicola, *Letteratura e lingue in Sardegna*, Cagliari: Edes, 1984.
- , *Dal mito dell'isola all'isola del mito- Deledda e dintorni*, Roma: Bulzoni, 1992.
- , “Uno statuto per la letteratura sarda”, *La Grotta della Vipera*, Cagliari: Ano XXV- Numero 86-1999.
- , “Letterarietà e lingue: ambiti emergenti di codificazione e circolazione letteraria plurilingue”, en *Lingua e letteratura italiana: istituzioni e insegnamento*, Roma: Accademia Nazionale dei Lincei, 1999.